

**MARTÍN AIZPURU, LEYRE**

***LA ESCRITURA CANCELLERESCA DE FERNANDO III, ALFONSO X, SANCHO IV Y FERNANDO IV.***

***ESTUDIO PALEOGRÁFICO Y GRÁFICO-FONÉTICO DE LA DOCUMENTACIÓN REAL DE 1230 A 1312.***

Peter Lang, 2020, 364 pp.

Pedro Dono López\*  
pdono@elach.uminho.pt

A presente publicación deriva da tese de doutoramento da profesora Leyre Martín Aizpuru, investigadora integrante do Grupo de Estudio de Documentos Históricos y Textos Antiguos (<http://campus.usal.es/~gedhytas/>), da Universidad de Salamanca, integrado na Red CHARTA (<https://www.redcharta.es/>), e supón un importante fito nunha produción científica xa extensa e consistente no ámbito da edición e estudo grafemático e lingüístico do castelán notarial medieval. A obra constitúe unha aproximación aos perfís da escrita na chancelaría real desde a incorporación do romance ata o final do reinado de Fernando IV, partindo dun extenso corpus de 516 diplomas. O abano cronolóxico, de 1230 a 1312, abrangue os reinados en Castela e León dos monarcas aludidos no título, un amplo segmento temporal que fala ben da ambición e alcance da publicación.

Para alén da preceptiva introdución (“Parte introductoria”, pp. 31–38), onde, ademais de presentar o contido dos diferentes capítulos da obra, se define e contextualiza o obxecto de estudo relativamente á literatura e se informa dos obxectivos e metodoloxía da investigación, o volume está organizado en seis capítulos, distribuídos en dúas “partes”: unha primeira, designada “Marco teórico”, na que se atende, nos dous capítulos que a integran, por un lado, ao concepto de “norma lingüística” do castelán medieval e, por outro, á caracterización da chancelaría real no período en foco. A segunda parte, designada “Presentación del corpus y estudio” (capítulos 3 a 6), está dedicada ao estudo paleográfico e grafofonético dos documentos, precedido dunha presentación do corpus que tamén se caracteriza dun punto de vista diplomático e prosopográfico (isto é, no relativo aos funcionarios que interveñen na elaboración dos documentos).

No primeiro capítulo, titulado “El concepto histórico de norma lingüística medieval” (pp. 41–53), aborda o proceso de incorporación do romance á escrita da chancelaría, que se ve impulsado a partir da unión dos reinos de León e Castela (1230)

---

\* Departamento de Estudos Românicos, Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas, Universidade do Minho (Braga, Portugal). ORCID: 0000-0003-0780-6982.

no reinado de Fernando III (1217–1252), durante o cal o castelán se vai afianzando progresivamente nos diplomas da corte, proceso que culmina no reinado de Afonso X. A autora non podía deixar de revisar o concepto de “norma lingüística” castelá asociado á figura de Afonso X, asunto que xa conta cunha extensa e intensa bibliografía e foi obxecto de múltiples abordaxes. Destácase neste punto que non convén proxectar unha visión actual de conceptos como norma ou ortografía sobre o pasado (pp. 52–53), entendendo que a *variatio*, a existencia de varias tradicións de escrita, é propia da escrita “normativa” da chancelaría do Rei Sabio.

En “La cancellería real castellana (1230–1312)” (pp. 55–85), que constitúe o capítulo segundo da obra, aténdese á súa orixe, organización, funcionamento e evolución no período estudado, ben como ás diferentes fases do proceso de produción dos diplomas (xénese documental) e ao funcionariado da chancelaría (chanceleres, notarios e escribáns) e os seus cometidos, para o que se basea en Kleine (esp. 2015), cuxos traballos son de referencia ao abordar esta dimensión, principalmente durante o reinado de Afonso X. No caso dos escribáns, é de sinalar a relevancia atribuída ao factor da especialización (ou non) en determinadas tipoloxías documentais (máis ou menos solemnes) na abordaxe dos redactores que actuaban na chancelaría, de acordo coa investigación da xa referida profesora Marina Kleine. Pecha o capítulo cunha aproximación á caracterización e tipoloxía dos diplomas expedidos pola oficina real, clasificados fundamentalmente polo seu grao de solemnidade (pp. 80–85).

No capítulo 3, “Corpus de documentación de la cancellería real castellana” (pp. 89–104), informa sobre o proceso de constitución do corpus, discutindo o concepto central, neste ámbito, de “representatividade”, e o tratamento editorial aplicado aos documentos. Do extenso corpus chanceleresco constituído e editado no ámbito do aludido grupo GEDHYTAS, o estudo selecciona, como xa foi dito, máis de quíntos diplomas, para cuxa análise, no plano gráfico, botou man da ferramenta Lyneal<sup>1</sup> do profesor Hiroto Ueda, que permite a procura e extracción de datos estatísticos sobre textos en español. Xa na epígrafe titulado “Caracterización diplomática y prosopográfica del corpus” (pp. 105–137) inclúe unha análise diplomática ou pragmática do corpus, no sentido de establecer e exemplificar as diferentes partes ou constituíntes dos documentos. Estúdanse, asemade, os diferentes intervinientes na preparación dos diplomas, comezando por analizar a presenza ou ausencia da subscripción e as variadas formas que pode adoptar, para a seguir, tendo moi en conta a obra referencial de Kleine (2015), realizar unha abordaxe prosopográfica da chancelaría nos diferentes reinados, na que distingue os *iussores* do amplo elenco de *redactores* que interveñen na escrita das cartas.

Os dous capítulos seguintes constitúen a cerna da investigación de Leyre Martín: a análise do corpus nos planos paleográfico e grafonético. A riqueza e pormenor de “Descripción paleográfica: la escritura y otros signos gráficos” (pp. 139–228) non nos permiten atender, por mor da brevidade, a cada unha das dimensións abordadas, polo que aludiremos unicamente a algúns aspectos de relevo dentro deste apartado,

---

<sup>1</sup> <http://shimoda.llf.uam.es/ueda/lyneal/>

comezando por citar as importantes cuestións de investigación ás que pretende dar resposta a autora:

por un lado, qué implicacións ten a escritura individual de cada uno dos redactores identificados –siendo conscientes de que non sempre se pode asegurar a execución por parte do individuo mencionado na suscripción canceleresca– y, por outro, cómo afecta a crecente, aínda moderada, cursivización das últimas décadas do século XIII e principios do XIV a usos estritamente gráficos, teñan ou non reflexión fonética. (p. 143)

Unha das achegas de alcance á que nos referiamos máis arriba ten que ver coa minuciosa análise do *tipo de letra* empregado nos diplomas. Leyre Martín clasifica a maior parte dos documentos do seu corpus en tres grupos (“formada”, “usual”, “corriente”) segundo o carácter máis ou menos caligráfico da gótica documental empregada nos manuscritos, designada como fracturada. Ademais de presentar os trazos caracterizadores de cada un destes tipos de letra, deixa constancia da problemática asociada á devandita taxonomía, pois non está exenta de dificultades (debido, principalmente, ás múltiples modalidades de transición recoñecibles) na adscrición dos diplomas a unha ou outra das escritas documentais definidas. A análise paleográfica do corpus lévaa a concluir que

apenas hay mostras de letra corrente (11 [diplomas]) e que unha maioría destacada dos documentos do corpus están redactados con a letra gótica fracturada usual (269), seguida de un bo número de diplomas redactados con o tipo formado (190). [...] É significativo o cambio de tendencia na década de 1270: ata entón, predomina o emprego do tipo formado e a partir de esa data decae o número de documentos que lo emplean a favor da letra gótica fracturada usual. (p. 158)

Constata tamén que o tipo de letra depende en boa medida da tipoloxía diplomática, ou dito doutros termos, da solemnidade do documento, aínda que se rexistran particularidades das que se deixa constancia na abordaxe da presenza das diferentes góticas fracturadas en cada un dos tipos textuais do corpus (pp. 162–168). Trata igualmente a relación entre clases de letra e redactores (pp. 168–171).

Este capítulo inclúe aínda un estudo en profundidade da braquigrafía, cuxa análise cuantitativa permite á autora chegar a conclusións interesantes relativamente ao recurso a procedementos abreviativos, advertindo, durante o período, “una clara progresión ascendente, especialmente, a partir da década de 1270” (p. 185). Os seus datos tamén veñen confirmar unha menor incidencia da abreviación nos diplomas máis solemnes e nos escritos en letra gótica fracturada formada. Realiza, igualmente, un estudo moi pormenorizado das diferentes marcas e procedementos de abreviación usados nos diplomas do seu corpus, ben como dos segmentos elididos e respectiva posición na cadea gráfica. A alografía, pola súa parte, protagoniza o último apartado do estudo paleográfico dos diplomas reais, centrado nos usos das variantes *i/j* e *u/v* con valor vocálico ou consonántico en posición inicial, interior e final de palabra. Constata nas ocorrencias de *i/j* a incidencia do contexto paleográfico (a seguir ás chamadas “letras de palo”), sendo moito máis difusas as tendencias de uso de *u/v*.

O capítulo 6 (“Estudio gráfico-fonético”, pp. 229–337), pola súa parte, está organizado en tres bloques que procuraremos presentar con brevidade. No primeiro deles, “Algunas cuestiones previas de grafemática” (pp. 229–290), aborda cuestións como a representación de /i/ e /ts/ ou a situación dos manuscritos canto ao uso de *h*, de grafías de referencia nasal (m,n) ante bilabial (p,b) ou de grafías simples e dobres. Para varios dos trazos analizados, a autora chega a definir a década de 1270 como punto de viraxe nos usos gráficos. No segundo, “Vocalismo. Apócope” (pp. 291–316), o título apunta un asunto que se desdobra na abordaxe dos dous fenómenos coñecidos como apócope normal e extrema. No plano cuantitativo, constata unha presenza constante da apócope normal no período, aínda que se intensifica no segmento 1270–1300; xa para a apócope extrema, concéntranse os exemplos nos anos de 1240 a 50, minguando ata unha práctica desaparición desde 1290. Tal como para os diferentes fenómenos gráficos e paleográficos estudados, aquí tamén se contempla a variable do redactor, advertindo que determinados documentos e autores concentran un volume importante de ocorrencias. Na terceira e última parte do capítulo, dedicada ao “Consonantismo” (pp. 316–337), achega o contributo do seu corpus a tres aspectos de interese na configuración grafofonética do castelán medieval (sistema de sibilantes, uso das grafías *b/v* e os resultados de F- latino). Da análise da situación dos diplomas en causa, só aludiremos a unha interesante constatación relativa á representación das fricativas apicoalveolares e africadas dentoalveolares: nas “confusións” (permítasenos o termo por mor da concisión) de grafías cobra relevancia o factor do redactor, pois o fenómeno evidénciase para ambas as parellas de sibilantes en determinados escribáns (p. 326).

O traballo péchase coa “Parte conclusiva” (pp. 341–344), na que, indo ao encontro do obxectivo principal da investigación desenvolvida, que non é outro que o de achegar os perfís da escrita da chancelaría real castelá no período estudado, conclúe que existen dúas normas diferenciadas empregadas nos reinados de Fernando III e Afonso X, por unha parte, e Sancho IV e Fernando IV, pola outra. Pon de relevo a autora, igualmente, as súas achegas no que ten que ver coa incidencia de factores como a cronoloxía, reinado, redactor, tipoloxía diplomática ou de letra sobre a escrita da época, recoñecendo o importante papel na súa investigación de Kleine (2015) e, no plano cuantitativo, da ferramenta Lyneal.

Despois deste rápido repaso polo contido da obra de Leyre Martín, a primeira constatación que cabería realizar é que constitúe un magnífico exemplo da contribución que pode realizar ao ámbito da lingüística histórica o recurso a corpora dixitais: ao tempo que permite confirmar certos perfís da escrita da época apuntados en estudos precedentes, achega informacións valiosas ao analizar os datos recollidos de acordo con variables como a tipoloxía diplomática, o tipo de letra ou os redactores. Son virtudes destacadas do texto, na nosa opinión, unha exposición clara, precisa e sintética das diferentes dimensións exploradas á volta da documentación chanceleresca, o que proporciona unha visión de conxunto moi completa do obxecto de estudo e constituirá unha investigación de referencia para todo aquel que pretenda aproximarse aos instrumentos medievais en castelán (e non só) da Chancelaría Real (e non só). Neste punto destaca a presentación dos resultados obtidos en cada vertente da investigación, contextualizados e contrastados coa bibliografía e investigacións relevantes.

[recebido em 01 de março de 2021 e aceite para publicação em 18 de fevereiro de 2022]